

O sindicato envioulle un novo escrito ao conselleiro de Educación despois das folgas e mobilizacións de outubro instándoo a poñer fin a este conflito canto antes para incluír nos Orzamentos partidas para avanzar nestas melloras.

A CIG-Ensino volve instar a Román Rodríguez a que desbloquee as negociacións sobre melloras laborais antes de anunciar novas accións

“O profesorado galego leva tres xornadas de folga este curso e a Consellaría non pode seguir ignorando este clamor”, indica o escrito asinado pola secretaria nacional, Laura Arroxó, poñendo énfase no inédito destas protestas e en que **“o profesorado está á espera de que o seu departamento faga algún movemento, como xa ten acontecido noutras ocasións”**. Á vez lembra que **“desde o inicio do calendario de mobilizacións a CIG-Ensino non abandonou os intentos de negociación tanto en público como nos órganos de negociación”,** en referencia á proposta presentada na última Mesa Sectorial para dotar con máis persoal fixo de atención á diversidade todas as ensinanzas. Unha proposta que contou co apoio das outras organizacións sindicais e co rexeitamento dos responsábeis da administración. Por último, Laura Arroxó insta ao conselleiro **“a non alongar máis este conflito”** ou, do contrario, **“o sindicato maioritario continuará dando resposta ás demandas do profesorado con máis mobilizacións”**.

“Os pasados 28 e 29 de outubro o profesorado galego volveu manifestar o seu desacordo coas políticas educativas da Consellaría que dirixe participando de forma moi numerosa nas mobilizacións e folgas convocadas pola CIG-Ensino e o STEG”. Así comeza o escrito que onte lle dirixiu a secretaria nacional da CIG-Ensino, Laura Arroxó, ao conselleiro de Educación, Román Rodríguez, seis días lectivos despois desas dúas convocatorias. No mesmo documento, a responsábel do sindicato lémbrolla que este leva emprazando a Educación a que abra negociacións sobre melloras laborais docentes e do ensino público galego desde finais do curso pasado, “un emprazamento que se fixo tanto de forma pública como no marco da Mesa



Sectorial docente, máximo órgano de negociación entre a administración e as organizacións sindicais con representación na mesma”. De feito, ás portas das últimas dúas xornadas de folga, a CIG-Ensino fixo unha proposta de negociación, aproveitando que se debatía a Orde do Concurso de Traslados e do Concurso de Orientación de Primaria, para dotar con maior persoal fixo de atención á diversidade, fundamentalmente especialistas en PT, AL e persoal de orientación, a todas as ensinanzas que estaban convocadas a estas protestas. “Como sabe -continúa o escrito-, esta é unha das demandas que une a toda a comunidade educativa e unha das grandes

necesidades que ten o noso sistema educativo para mellorar a atención ao alumnado galego do ensino público”. A proposta contou ademais co apoio de todas as organizacións sindicais con representación nesta Mesa. Porén, a resposta dada polos responsábeis da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos foi negativa malia recoñecer que existían problemáticas nos centros de ensino derivadas da alta provisionalidade e da escaseza destes especialistas.

“O malestar do profesorado vai en aumento a medida que pasan os meses e se confirma que non se escoitan as súas demandas. A baixada de ratios cun calendario máis curto en todas as ensinanzas, a recuperación do horario lectivo que tiña o profesorado en 2009, a redución real da burocracia atendendo ás casuísticas de cada etapa, ensinanza ou posto de traballo, a aprobación de melloras retributivas lineais que permitan recuperar o poder adquisitivo perdido nos últimos anos e a recuperación e avance noutros dereitos que están contemplados na normativa ou en acordos do seu goberno (redución da xornada lectiva para maiores de 55 anos, pagamento do persoal substituto que



traballe cando menos 5 meses e medio...) foron os eixos sobre os que pivotaron estas protestas”, detállase. Á vez, insístease en que desde as dúas últimas convocatorias de folga “o profesorado galego está a espera de que o seu departamento faga algún movemento, polo que volvemos dirixirnos directamente a vostede para poder negociar ao longo do que queda de curso aquelas medidas, tanto as que teñen custo económico como as que non, que permitan realmente mellorar a situación do ensino público galego. O xesto máis claro de que o goberno da Xunta non quere alongar máis este conflito é abrir esas negociacións e incorporar unha partida que permita acometer nos orzamentos xerais de Educación para o vindeiro curso esas melloras. Por último, advírtese que, de non facelo, a CIG-Ensino continuará coa folga de ruta prevista en resposta ás demandas do profesorado galego e apela a unha responsabilidade que debe ser compartida tanto pola administración educativa como polas organizacións que representan ao profesorado: “evitar que un empeoramento na atención educativa teña incidencia negativa no presente e futuro da nosa sociedade”.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal